

REGULAMENTO XERAL DE USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN DA UDC

Preámbulo

A UDC aprobou, mediante resolución reitoral do 22 de xullo de 2019, a súa política de seguridade da información e protección de datos persoais (en adiante, a Política) co fin de crear as bases para a implantación dun sistema de xestión da seguridade da información, segundo o requirido no Real decreto 3/2010, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.

Esta Política considera que, para o seu desenvolvemento, se aprobarán en Consello de Goberno as normas que sexan necesarias en materia de seguridade da información e de protección de datos.

Tendo en conta a grande importancia que as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) teñen no tratamento da información e o potencial impacto destas tecnoloxías sobre os dereitos e as liberdades das persoas, así como no cumprimento dos obxectivos da nosa universidade, faise necesario regular o seu uso na UDC segundo os principios, obxectivos e directrices da dita Política.

O presente regulamento, que contén os aspectos xerais que deben rexer o uso das TIC na UDC, como o ámbito de aplicación, os dereitos e deberes das persoas usuarias, as condicións xerais de uso dos recursos, os usos non permitidos e as consecuencias dun posible incumprimento, complementarase co desenvolvemento normativo necesario para regular o uso de recursos específicos.

Artigo 1. Obxecto

Este regulamento ten por obxecto establecer as condicións de uso dos recursos TIC da UDC, como instrumento clave no manexo da información corporativa, así como os dereitos e obrigas das persoas usuarias na utilización destes.

Artigo 2. Ámbito obxectivo de aplicación

Este regulamento é aplicable a todos os recursos TIC que se utilicen no tratamento da información creada, recibida ou utilizada nas actividades da UDC. Estes recursos poden ser:

1. Equipamento adquirido co orzamento da UDC ou que a UDC facilite aos seus traballadores, alumnado e usuarios en xeral, tales como os dispositivos informáticos ou de comunicacións.
2. Dispositivos persoais do/a usuario/a que se conecten ás redes da UDC ou que utilicen os recursos TIC desta.
3. Servizos TIC prestados pola UDC, ben directamente, ben a través dun provedor.
4. Sóftware adquirido pola UDC e posto a disposición das persoas usuarias.
5. Aplicacións informáticas que a UDC pon a disposición dos seus usuarios/as, xa sexan desenvolvidas interna ou externamente xa fosen adquiridas.
6. Sistemas informáticos e de comunicacións que posibilitan a prestación dos servizos e o funcionamento das aplicacións.

7. Infraestruturas físicas que serven de soporte a estes cometidos, tales como as redes de cables e os locais onde se aloxan os sistemas TIC.
8. Tamén aplicará á documentación en papel que os sistemas de información puidesen xerar, naqueles artigos que afecten a este tipo de soportes.

Artigo 3. Ámbito subxectivo de aplicación

Este regulamento é aplicable a todas as persoas que fagan uso dos recursos TIC indicados no artigo 2.

Artigo 4. Dereitos das persoas usuarias

1. Todas as persoas usuarias dos recursos TIC da UDC teñen dereito, sen prexuízo do indicado na lexislación e na normativa da UDC en materia de protección de datos persoais, a:
 - a) Dispor dos recursos TIC necesarios para o desenvolvemento seguro das súas tarefas ou funcións, nas mellores condicións técnicas que for posible.
 - b) Recibir a información ou a formación indispensables para o emprego adecuado dos recursos TIC segundo as súas funcións ou necesidades.
 - c) Recibir información e soporte técnico sobre as incidencias que afecten aos recursos TIC.
 - d) Ver respectados o seus dereitos fundamentais, especialmente, a dignidade das persoas, o dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe e ao segredo das comunicacións.
 - e) Á intimidade fronte ao uso de dispositivos de videovixilancia e xeolocalización.
 - f) Expresar a súa opinión acerca dos servizos TIC corporativos que reciba e presentar queixas e suxestións.
2. Ademais do indicado no apartado anterior, o persoal da UDC ten dereito á desconexión dixital nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 5. Deberes das persoas usuarias

1. Todas as persoas usuarias dos recursos TIC teñen as seguintes obrigas:
 - a) Utilizar de xeito leal e responsable os recursos TIC que a UDC poña á súa disposición e, en todo caso, segundo o indicado neste regulamento e as normas particulares de desenvolvemento.
 - b) Coñecer e cumprir a normativa interna que se puidese derivar deste regulamento, tal e como procedementos, guías ou recomendacións.
 - c) Seguir os procedementos que a UDC estableza para realizar solicitudes de servizos TIC ou comunicar incidencias.
 - d) Coñecer as consecuencias que puidesen derivarse do incumprimento deste regulamento.
 - e) Respetar as medidas de seguridade, informando de calquera incidencia que puidesen coñecer.
 - f) Aquelas aplicables ao tratamento da información mediante o uso das TIC, das indicadas na Normativa xeral relativa á protección de datos persoais na UDC.

2. O persoal da UDC ten, ademais, as seguintes obrigas:
 - a) Gardar segredo sobre os datos persoais aos que puidese ter acceso pola súa actividade profesional. Este deber manterase incluso no caso de que se extinga a súa relación coa UDC.
 - b) Protexer a información e os recursos que teñan que utilizarse fóra das instalacións da UDC.
 - c) Utilizar os recursos TIC que a UDC lles proporcione para fins profesionais. Non obstante, a UDC admite que o/a traballador/a poida facer un uso puntual dos recursos para fins particulares, coas limitacións indicadas ao longo deste regulamento, coas que a UDC poida aplicar para garantir o funcionamento dos seus servizos e salvagardar a súa información e coas advertencias necesarias respecto das expectativas de privacidade derivadas do contido no artigo 10 deste regulamento.
 - d) No caso de causar baixa na Universidade deberá eliminar toda a información da UDC que puidese ter almacenada en medios persoais e devolver os dispositivos que esta puidese ter posto á súa disposición.

Artigo 6. Condicións xerais de uso dos recursos TIC da UDC

Os recursos TIC da UDC utilizaranse conforme as seguintes condicións xerais, que poderán ser desenvolvidas por normas detalladas, no caso de requirirse.

1. O acceso á información non pública da UDC e aos seus recursos TIC requirirá dun control de acceso lóxico que constará dun proceso de autenticación, é dicir, da identificación inequívoca do usuario, e outro de autorización, no que se asigne ao usuario/a o nivel de acceso que lle corresponda.
2. O nivel de acceso estará baseado en roles ou perfís que se asignarán a cada usuario/a en función dos colectivos aos que pertenza e das tarefas que teña encomendadas.
3. O acceso aos locais onde estean situados os sistemas informáticos e de comunicacións corporativos requirirá dun control de acceso físico e das medidas de seguridade necesarias para garantir a prestación dos servizos segundo os obxectivos da organización.
4. A rede de comunicacións da UDC xestionarase coa finalidade de garantir a máxima dispoñibilidade, calidade e seguridade do servizo. Aplicaranse técnicas de segmentado, filtrado de portos e de inspección automatizada do tráfico, entre outras medidas de seguridade.
5. Aplicaranse configuracións seguras nos postos informáticos de traballo do persoal da UDC, así como nos equipos das aulas de informática e aulas de libre acceso. Isto inclúe a instalación de actualizacións do software, o bloqueo do posto informático por inactividade, o control de acceso baseado en credenciais corporativas e a aplicación de medidas contra software malicioso.
6. O desenvolvemento, a posta en servizo e o mantemento de aplicacións corporativas, así como a xestión dos sistemas informáticos que lles dean soporte realizarase respectando o que se indique no desenvolvemento normativo deste regulamento, onde se abordará a xestión do cambio, a xestión da capacidade, a continuidade dos servizos, a seguridade desde o deseño, a seguridade por defecto, as probas previas á posta en produción e o cumprimento dos requisitos legais en materia de seguranza, entre outros aspectos.
7. O almacenamento de información da UDC realizarase unicamente en:

- a) Sistemas informáticos corporativos, como servidores, cabinas de almacenamento ou volumes en rede.
 - b) Sistemas de almacenamento de información na nube, sempre e cando o provedor deste servizo teña asinado un contrato que inclúa as cláusulas necesarias para cumprir a lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e de seguridade da información no ámbito das administracións públicas. A relación de provedores de servizos na nube cos que se teña asinado un contrato deste tipo darase a coñecer no portal de axuda dos servizos telemáticos da UDC.
 - c) No ámbito do persoal docente e investigador (PDI) poderase almacenar información en dispositivos locais sempre que o usuario se responsabilice da realización das copias de seguridade e da cifraxa da información, se proceder.
 - d) Outros dispositivos autorizados pola normativa de desenvolvemento deste regulamento.
8. Todos os dispositivos de computación (teléfonos intelixentes, tabletas, ordenadores portátiles etc.,) que conteñan información da UDC e que saian das súas instalacións, deberán contar cun mecanismo de control de acceso dirixido a minimizar o risco de acceso non autorizado á información que conteñan ou á que poidan dar acceso. No caso de uso de contrasinais, estes deberán cumprir os requisitos que se establecerán nunha norma sobre o control de acceso lóxico.
 9. Cando se utilicen soportes ou dispositivos informáticos fóra das instalacións da universidade, e conteñan información da UDC, deberán contar coas medidas de seguridade destinadas a protexela en caso de roubo ou acceso non autorizado. Estas medidas serán proporcionais ao nivel de seguranza que requira a información e detallaranse nunha norma ao respecto.
 10. En ningún caso se almacenarán datos persoais sensibles en dispositivos que vaian abandonar as instalacións da UDC sen utilizar técnicas de cifraxa. Terán a consideración de datos persoais sensibles, ou datos de categoría especial, os que recolle o artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27/04/2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos).
 11. O uso por parte do persoal da UDC de dispositivos de computación particulares, como tabletas, teléfonos intelixentes ou ordenadores portátiles, para o tratamento da información da UDC, estará condicionado á aceptación e adopción das medidas de seguridade dirixidas a protexer a información da organización.
 12. O envío de datos persoais fóra do ámbito da UDC deberá realizarse coa autorización da persoa responsable do tratamento.
 13. No caso de datos persoais sensibles, as comunicacións ou envíos deberán realizarse utilizando técnicas de cifraxa.
 14. Todas as solicitudes de servizos TIC e comunicacións de incidencias deberán realizarse a través do portal de axuda dos servizos telemáticos da UDC.
 15. Os convenios, acordos ou contratos que impliquen o acceso de persoal non pertencente á comunidade universitaria a recursos TIC da UDC deberán incluír as obrigas concretas no uso destes recursos. Estas obrigas derivaranse do contido neste regulamento e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 7. Actividades prohibidas

Están prohibidas as seguintes actividades:

1. Utilizar os recursos TIC da UDC para a realización de actividades comerciais ou con ánimo de lucro alleas á UDC.
2. Danar ou producir calquera deterioración nos recursos TIC da UDC.
3. Calquera transmisión, distribución ou almacenaxe de contidos difamatorios, ameazadores ou que constitúan un atentado contra a dignidade das persoas.
4. Utilizar aplicacións ou contidos que vulneren a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual.
5. Acceder a recursos sen a autorización correspondente, no caso de requirirse.
6. Acceder aos recursos cunha identificación distinta da propia.
7. Ceder as credenciais propias a outro usuario.
8. A utilización de mecanismos deseñados para eludir as medidas de seguridade implantadas ou a explotación de posibles vulnerabilidades dos sistemas.
9. O uso dos recursos TIC da UDC para calquera actividade contraria ao ordenamento xurídico.

Artigo 8. Tratamento de datos persoais

1. Cando as TIC se utilicen no tratamento de datos persoais, ademais do indicado neste regulamento, deberá terse en conta o especificado na Normativa xeral relativa á protección de datos na UDC.

Artigo 9. A xestión dos servizos TIC na UDC

1. Os centros, departamentos, institutos e outros órganos da UDC xestionarán os seus recursos TIC particulares segundo o indicado neste regulamento.
2. A xestión dos recursos TIC corporativos correspóndelle ao Servizo de Informática e Comunicacions (SIC). Entre outras, as seguintes serán funcións específicas do SIC:
 - a) O deseño, desenvolvemento, operación e mantemento das aplicacións informáticas demandadas polos diferentes servizos da Universidade, conforme os requirimentos funcionais especificados por estes.
 - b) O deseño, desenvolvemento, operación e mantemento dos sistemas informáticos necesarios para o correcto funcionamento das aplicacións.
 - c) A xestión dos servizos de correo electrónico, mensaxaría, colaboración etc... ben sexan proporcionados por infraestrutura propia, ben sexan contratados a un provedor de servizos.
 - d) A administración dos postos informáticos de traballo do persoal da UDC e dos equipos informáticos postos a disposición do alumnado ou, eventualmente, de persoal non pertencente á comunidade universitaria.
 - e) A xestión dos servizos de impresión e escaneamento de documentos.
 - f) A xestión do sistema de nomes de dominio (DNS), dos dominios corporativos *udc.es* e *udc.gal*, e a asignación de nomes nestes dominios.
 - g) O mantemento dos sistemas que dan soporte ao sitio web institucional.
 - h) O deseño, desenvolvemento, operación e mantemento dos sistemas de control de acceso seguro aos servizos TIC.

- i) O deseño, desenvolvemento, operación e mantemento da rede de comunicacións da Universidade, o cal inclúe a xestión da cabaxe dos edificios, a electrónica de rede, a xestión e asignación dos enderezos de rede, a interconexión con outras redes, a coordinación e a administración do espectro radioeléctrico dentro dos espazos físicos da UDC.
- j) A xestión técnica dos servizos de telefonía fixa e móbil corporativos.
- k) A autorización da dotación de novas infraestruturas de cableaxe estruturada.
- l) A implantación das medidas de seguridade asociadas ás infraestruturas, servizos e aplicacións anteriormente citadas.
- m) A xestión dos locais destinados a aloxar os sistemas informáticos e de comunicacións, incluíndo as medidas de seguridade física que lles afecten, en coordinación co Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos.

Artigo 10. Supervisión do cumprimento deste regulamento

1. A UDC, por motivos legais, de seguridade e calidade do servizo, cumprindo en todo o momento os requisitos que establece a lexislación vixente, realizará unha supervisión do uso correcto dos seus recursos TIC.
2. Cos ditos fins realizará un rexistro das actividades dos usuarios no uso dos recursos TIC da UDC, que consistirá na retención (almacenamento e custodia) de información para a monitorización, análise, investigación e documentación en relación con actividades indebidas ou non autorizadas.
3. A UDC poderá realizar tamén, con carácter ordinario, un seguimento do uso da rede por parte das persoas usuarias cuxa actividade quedará rexistrada. Igualmente, con carácter extraordinario, durante o proceso de investigación dunha incidencia, e co fin de asegurar os indicios recollidos doutras fontes, poderase realizar a análise do tráfico de rede, ata o nivel de paquete.
4. A UDC realizará estas actividades de supervisión de maneira proporcional ao risco, coas cautelas legais pertinentes, as sinaladas na xurisprudencia e con observancia dos dereitos das persoas usuarias.
5. Neste eido realizará, entre outros, a supervisión do uso dos servizos de acceso a internet, correo electrónico e outros servizos de colaboración ou comunicación.
6. Co obxecto de minimizar os incidentes de seguridade, a UDC analizará, se fose necesario, o tráfico das aplicacións ou servizos externos potencialmente perigosos, mesmo se este estivese cifrado, e limitará estas actuacións ao mínimo necesario para tal fin.

Artigo 11. Medidas previstas no caso de incumprimento deste regulamento

1. O incumprimento deste regulamento poderá comportar, de forma preventiva, a suspensión do servizo prestado ou o bloqueo temporal do equipo do usuario ou da súa conta de acceso á rede, servizos ou aplicacións, sen prexuízo das accións legais, disciplinarias ou de calquera outra índole que a UDC puidese adoptar.
2. A suspensión ou bloqueo levantarase cando remita a actividade que provocou o incumprimento e cesen os efectos que provocara.
3. No caso dun incumprimento reiterado ou que provoque danos de especial gravidade actuarase segundo o réxime disciplinario contido nos Estatutos da universidade.

Artigo 12. Revisión deste regulamento

1. Correspóndelle ao Comité de Seguridade da Información:
 - a) Interpretar as dúbidas que puideren xurdir na aplicación deste regulamento.
 - b) Verificar a súa efectividade.
 - c) Promover á súa revisión para actualizar o seu contido, especialmente naqueles casos onde se identifiquen oportunidades de mellora ou se produzan cambios relevantes no marco legal, tecnolóxico ou organizativo.
 - d) Propor ao Consello de Goberno as revisións deste regulamento.

Disposición final primeira

As normas de desenvolvemento e aplicación deste regulamento serán adoptadas polo reitor da UDC.

Disposición final segunda

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

Todos os sistemas de información que se implanten a partir desta data deberán respectar o indicado neste regulamento.

Os sistemas existentes deberán adaptarse no prazo máximo dun ano.